

TALLER LITERARIO DE ANIMACIÓN Á ESCRITA

(Organizado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega)

Impartido no: I.E.S. Monte Neme de Carballo
Primavera 2006

Francisco X. Fernández Naval

O taller, impartido a rapazas e rapaces de 4º de ESO. Iniciouse o día 24 de abril.

O número de alumnos era de 16.

O proxecto inicial plantexado como documento de traballo do que partir, organizábase para cada día nas seguintes áreas:

Primeira sesión.- Razóns para contar, a importancia de escribir.

Segunda sesión.- A palabra e a memoria

Terceira sesión.- O verso e o poema, como dicir o que non sabemos explicar

Cuarta sesión.- Contar unha película, escribir un guión.

Quinta sesión.- O personaxe, un acto de creación

O programa real sufriu modificacións en función das características do grupo, das habilidades dos alumnos que asistiron ao taller e das súas carencias, tal e como se explica a continuación, aínda que, con excepción do módulo previsto sobre o verso e o poema e o referido á escrita do guión cinematográfico, o resto dos aspectos contemplados inicialmente si serviron de argumento para o traballo desenvolvido

1º Xornada.- 24 de abril de 2006

Levo preparados dous exercicios, co obxectivo principal de valorar o conxunto do grupo. Un deles consiste en ler dous textos, un de “*Amantia*” de María Xosé Queizán e outro de “*Adeus ás armas*” de Ernest Hemingway, coa proposta de reducir adxectivos no primeiro e adxectivar no segundo. O outro é un xogo no que, recibida unha fotografía que eu lles dou, deben escribir aquilo que lles suxire a imaxe.

Observo que o primeiro exercicio non ofrece excesiva dificultade para eles, xa que é semellante aos que traballan no obradoiro. Non sucede así co segundo, xa que se limitan a describir obxectivamente o que ven, sen interpretar ou sen buscar sentimentos ou razóns por detrás do que resulta obvio.

Decido pois modificar o programa e traballar, de maneira especial a procura do sentimento, que, cando escriban, cada un libere algo dentro de si, que sexa quen de se abrir, de expresar no papel algo do que acontece no seu interior.

Observo tamén que escoitan con moita atención cando lles falo do que é a narración, da súa importancia, empregando como exemplo as “*Mil e unha noites*”. Tamén lles conto de Galland, o primeiro que transcribiu as historias que forman esta colección de relatos fundamental na historia da literatura; de Aladino, conto que segundo os críticos literarios sería obra do propio Galland e non tradición oriental como as outras, sospeitándose que o recompilador non puido resistir a tentación de transformarse, tamén el, en narrador anónimo, incorporando unha historia inventada por el a ese corpus marabilloso.

Como exemplo práctico do exercicio de escribir sobre a fotografía, agasallo a cada un cun exemplar do libro de Maribel Longueira “*Alguén agarda que volva ali*”, no que vinte escritores galegos escriben, cada un, sobre unha fotografía da Habana, que a fotógrafa lles propón.

Propoño traballar o seguinte día sobre os conceptos de tradición oral e memoria histórica.

Advertir que algúns dos textos escritos sobre as fotografías non se acompañan, xa que devoltos aos alumnos e requiridos de novo na terceira xornada, algúns xa non os conservaban.

2º Xornada.- 8 de maio de 2006

Comentamos o exercicio das fotografías do día anterior. Explícolles que un taller de literatura debe procurar non só que escriban, senón que se expresen, que afonden dentro de si. Procuro que entendan que non se trata de que realicen un exercicio de carácter xornalístico, poñendo pé a unha fotografía, senón de interpretala dende o seu interior, dende a súa reflexión, intuición, valores ou soños. Propoño un exercicio no que eu busco unha alternativa a cada un dos textos escritos por eles. Así creamos personaxes e inventamos historias posibles ou imposibles que puideran estar detrás de cada imaxe, dende a dos soldados norteamericanos parafeitados nunha rúa de Bagdad, ata un anuncio de corsetería.

Fálolles logo de tradición oral e de memoria histórica. Explicolles ambos conceptos e a súa importancia. Lembro que este é o ano da memoria. Cántolles a historia do pintor Francisco Miguel, asasinado na parroquia de Bértoa do seu concello, en setembro de 1936.

Pídolles que cada un escriba unha historia relacionada con algún dos aspectos dos que estamos a falar.

3º Xornada.- 15 de maio de 2006

Len por quendas o capítulo dos “*Diarios de Syra Alonso*” no que narra como descubre a morte de Francisco Miguel.

Preséntolles logo o proxecto de traballo que denomino Ícaro.

Cántolles a historia de Dédalo e o labirinto, de Ícaro, de Pasifae, Minos e o Minotauro, de Teseo e Ariadna. Como noutras ocasións, o relato atrae a súa atención, prenden nel. Falamos do mito e do seu valor simbólico; explicolles que os mitos axudan a comprender mellor como somos e poño exemplos de palabras de uso común que teñen a orixe na mitoloxía clásica, co obxecto de que sintan a proximidade de historias que, se cadra, consideran antigas.

Doulles dúas fotocopias, nunha recóllese a historia de Ícaro narrada por Ovidio nas “*Metamorfoses*”; na outra o poema “*Ícaro*” de José Ángel Valente. Fágolles ver que entre Ovidio e Valente hai séculos de tradición cultural, pero que todo o que Ovidio relata no seu texto está contido nos breves versos de Valente.

O exercicio que propono é que, logo de escoitarme a min a historia, lido Ovidio e lido Valente, cada un conte Ícaro como o sinta e como considere, breve e poético, extenso e narrativo ou, preferentemente, ao seu xeito.

4ª Xornada.- 29 de maio de 2006

Dou conta do resultado do exercicio de Ícaro, que resultou interesante, xa que hai traballos singulares, que non reproducen o que eu lles contei, senón que van máis alá, chegando algúns a analizar os sentimentos do fillo de Dédalo. Expreso a miña ledicia por ter acadado algo do que buscabamos.

Fálolles do ritmo e do tempo na narración, de como estes adquiren o valor de elementos con significado segundo os empregue o narrador, tanto ten que sexa escritor, director de cine ou de teatro, narrador oral.

Lemos dous anacos de texto do “*Señor dos Aneis*” de Tolkein. Analizamos como o texto acompaña a acción, participando dela, salientando o seu carácter, precipitando ou demorando frases e palabras.

Como exemplo visual propoño ver dous anacos da película “*Grupo Salvaxe*” de Sam Peckinpah, o principio (15 minutos) e o final (16 minutos). Analizamos como o director xoga cos ritmos, como administra o tempo da narración, provocando no espectador sensacións e emocións intensas que teñen que ver co xeito de narrar, non só co que se narra.

Analizamos tamén o valor simbólico da imaxe inicial dos nenos queimando as formigas e os alacrás e do seu sentido circular, xa que esta imaxe ten que ver coa situación final, na que os membros do grupo salvaxe e os soldados reproducirán unha situación semellante.

Falamos da violencia e dos danos colaterais, da amizade e do afecto como valores esenciais do ser humano.

O exercicio proposto hoxe é que escriban algo que conecte o principio e o final da película, que enchan o baleiro que existe entre as escenas que veñen de ver.

Propoño que para o próximo día, como primeiro exercicio, escriban sobre algunha das fotografías do libro de Maribel Longueira que lles din na primeira xornada.

Anúnciolles que o último día traballaremos o Personaxe, polo que cada un deberá crear algún, que pode ser humano ou animal, real ou de ficción, sen que importe o seu tempo histórico: presente, pasado ou futuro.

5ª Xornada.- 5 de xuño de 2006

Analizamos o escrito o día anterior sobre a película “*Grupo Salvaxe*” e logo reclamo o novo exercicio coa fotografía. Todos traen elixida algunha xa da casa, pero o exercicio realízase na aula.

Falamos do personaxe. Admiten a evidencia de que todos teñen na cabeza unha imaxe de Don Quixote, pero só Rodrigo é quen de explicar como era Miguel de Cervantes. Analizamos os conceptos: Realidade, Verdade e Verosimilitude.

Cóntolles a historia de Perseo e a Medusa, de como o heroe se achega a ela ollándoa no espello que lle deu Atenea, para non ficar petrificado. Comparo a Medusa coa realidade e a Perseo co escritor. Como exemplo de achegamento á realidade a través do seu reflectir, analizamos a miña novela “*O Bosque das antas*”, que leron neste curso. Explicolles como, ás veces, os escritores precisamos o engano para chegar á verdade do que queremos contar. Desvelo como naceron e que hai de verdade ou de mentira en cada un dos personaxes da novela e elaboramos un esquema cos tempos da narración.

Insisto en que todos nos contamos historias, tamén a nós mesmos, tamén de nós mesmos. Todos confirman que nese tempo que vai dende que se deitan ata que fican durmidos, soñan ou imaxinan historias protagonizadas por eles mesmos. Lemos anacos do relato de Julio Cortázar: “*Historias que me cuento*”, que ten que ver con isto de que falamos.

Explicolles que tipos de personaxes hai, segundo a crítica literaria: protagonistas, antagonistas, obxectivo e/ou destinatario da acción, árbitro e coadxuvante.

Como último exercicio do taller describen por escrito ao personaxe que imaxinaron.

A Coruña, 8 de xuño de 2006
Asdo. Francisco X. Fernández Naval

Relación de alumnos participantes:

Dany Añón
Héctor Añón Rodríguez
Vanessa Arijón Tarrío
Miriam Beizana Vigo
Tabita Beizana Vigo
Estefanía Calvo Couto
Sara Cancela Pose
Christian Carracedo Campos
Noelia Cerqueiro Sande
Miriam Costa
Fernando Díaz Pensado
Carmen M^a Fraga García
Vanessa Fernández
Iván Ferreiro Fondo
Zaida García Carracedo

Christian Lage Periscal
Diego Lamas Calvo
Vanessa Liñares Vázquez
Tamara López García
Rodrigo Miraz Cotelo
Lorena Mourín Suárez
Alejandro Muíño Reimúndez
Carmen María Fraga
Sergio Ponte
Paula Pensado Bardanca
Jessica Rama Castro
Sheila Río Martínez
Iván Amor Torres Louzao
Raquel Vázquez Pazos